



CONVOCATORIA 2026/2027

Mobilidade estudantes para estudos

Proxecto 2025-1-ES01-KA131-HED-000339067

Ensinanzas Artísticas Superiores

BASES

Primeira. Aspectos xerais

A presente convocatoria establece o prazo e procedemento para a presentación de solicitudes de participación nas actividades de mobilidade de estudantes para estudos no marco do Programa Erasmus+ para o curso 2026-2027.

Este programa desenvólvese grazas á aprobación por parte da Comisión Europea das Mobilidades de estudantes e persoal entre países do programa e asociados polo Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE).

Segunda. Requisitos dos solicitantes

Serán candidatos a participar no Programa Erasmus+ os alumnos da Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo que cumpran os seguintes requisitos:

- Posuír a nacionalidade dos países participantes do Programa Erasmus+ ou estar a persoa solicitante recoñecida polo país onde reside como refuxiada, apátrida ou residente permanente.
- Non ter esgotado o máximo de doce meses en convocatorias Erasmus anteriores (na EASD Mestre Mateo ou noutro centro educativo) en mobilidades de estudos e/ou prácticas.
- Estar matriculado no centro, en calquera das especialidades do Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores Deseño impartidas na Escola (Deseño de Moda ou Deseño de Produto) con 100 créditos ECTS superados no momento de realizar a solicitude.

Para poder asinar o convenio Erasmus serán requisitos imprescindibles que a alumna ou alumno teña superados en Xullo de 2025 (tras a convocatoria extraordinaria de 3º curso):

- Como mínimo 140 créditos ECTS.
- Todas as disciplinas de 1º curso.
- Os créditos asociados á materia de Proxectos de Deseño de Moda (disciplinas de Deseño de Moda II e Proxectos de Deseño de Moda) ou Proxectos de Deseño de Produto e de sistemas



(disciplina: Proxectos de Deseño de Produto II).

- Será tamén imprescindible non estar en situación de 5ª convocatoria en ningunha materia para o curso seguinte.
- Ter acreditado oficialmente antes do prazo limite de entrega de documentación un nivel B1 ou superior na lingua da institución de destino ou en inglés (de sobrar prazas, a Comisión poderá valorar as candidaturas que non cumpran este requisito).

Terceira. Procedemento da solicitude

O alumnado interesado presentará na secretaría da escola (entrada principal), dentro do prazo establecido os seguintes documentos:

- Formulario de solicitude debidamente cumprimentado.
- Documentación necesaria no caso de alegar méritos.
- O expediente académico incorporárase de oficio na secretaría da Escola ao presentar a solicitude de participación. Só se valorará o expediente académico correspondente aos estudos realizados, na especialidade pola que se aspira, ata o momento en que se leve a cabo o proceso de selección.

Na páxina web da EASD Mestre Mateo aparece publicada a listaxe de institucións coas que a Escola ten acordos interinstitucionais.

A presentación da solicitude implicará para o estudante coñecer e aceptar o contido da presente convocatoria e da normativa.

Cuarta. Lugar de presentación e prazo de solicitude

Na secretaría da EASD Mestre Mateo, **do 11 ao 23 de Marzo de 2026**.

Quinta. Información adicional

- Na Oficina Internacional da Escola, no 2º andar.
- Na sección Internacional da web da Escola.
- Na páxina oficial do "Servicio Español Para la Internacionalización de la Educación (SEPIE)" pódese consultar toda a normativa e información de interese sobre o programa Erasmus+.

Sexta. Adxudicación de becas e destinos

A Comisión Erasmus+ da EASD Mestre Mateo determinará o número de mobilidades que se concederán.

O alumnado aspirante **priorizará na solicitude os destinos ofertados**. Poderá incluír cantos destinos considere oportunos, sempre que estean dentro da listaxe de convenios da EASD Mestre Mateo.

Unha vez asignado o número de mobilidades, darase a coñecer: a listaxe de institucións de acollida, o número de prazas adscritas a cada unha delas e, se as houberse, as características singulares de cada mobilidade.

Na resolución provisional asignarase a situación de: titular, suplente ou excluído a todos os solicitantes. Esta última con mención explícita do motivo de exclusión. Farase pública no taboleiro de anuncios de Programas Internacionais e na páxina web da Escola.

A aceptación da praza suporá a renuncia a calquera outro destino de mobilidade internacional.

A resolución definitiva das prazas só será posible cando se coñeza a adxudicación de mobilidades do SEPIE, e a aceptación do alumno por parte da institución de destino.

A Oficina Internacional da EASD Mestre Mateo publicará a resolución definitiva sobre a adxudicación das axudas na páxina web e no taboleiro de anuncios de Programas Internacionais da Escola.

Sétima. Criterios de selección do alumnado

A selección do alumnado candidato realizarase nunha reunión da comisión de valoración, formada polas xefaturas de departamento de cada ensinanza, a coordinadora de programas internacionais, o xefe de estudos e o director da EASD.

A adxudicación de prazas farase por especialidades e de acordo cos seguintes criterios:

1. Prioridades dos aspirantes

Terá preferencia o alumnado que non participase no programa Erasmus anteriormente. No marco do Programa Erasmus+ permítese aos estudantes realizar varias estadias Erasmus de estudos e /ou prácticas, sempre que sumadas non superen doce meses.

2. Méritos académicos

- a) Expediente académico. Nota media do expediente académico do alumno (Puntuación máxima: 10,00 puntos).

Os expedientes académicos obteranse pola Oficina de Programas Internacionais a

través dos rexistros informáticos da EASD Mestre Mateo, polo que non haberá que presentar documentación algunha neste sentido.

- b) Coñecemento de idiomas. O nivel de idioma acreditado do país de destino terá a seguinte puntuación de acordo co Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas: Ensino, Aprendizaxe, Avaliación:

Nivel	Puntuación
B1	-
B2	2,00
C1	3,00
C2	4,00

Terase en conta o nivel acreditado de inglés, no caso de que non sexa o idioma do país de destino, coa seguinte puntuación de acordo co Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas: Ensino, Aprendizaxe, Avaliación:

Nivel	Puntuación
B1	-
B2	1,00
C1	1,50
C2	2,00

Puntuación máxima: 6,00 puntos.

- c) Premios en certames organizados pola Consellería -incluídos os organizados pola EASD Mestre mateo-. (Puntuación máxima: 1,00 punto).

Unha vez feita a selección, publicarase no taboleiro de anuncios de programas internacionais, así como na web.

Establécese un prazo de dous días lectivos, contados a partir do día seguinte á data de publicación, para facer reclamacións ante a Dirección. A comisión de valoración resolverá ditas reclamacións no prazo de cinco días lectivos.

Oitava. Renuncias

En caso de renuncia á beca Erasmus+ concedida, esta deberá ser presentada por escrito á coordinación de Programas Internacionais.

Se un estudante renuncia á súa beca, sen unha causa xustificada, pasará a ocupar o último lugar na lista de adxudicacións en futuras convocatorias.

Novena. Apoio lingüístico

A Comisión Europea ten en marcha un servizo de apoio lingüístico en liña (OLS) para contribuír a acadar os obxectivos do Programa mediante o progreso lingüístico dos participantes. Ligazón OLS da CE: http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/online-linguistic-support_en.htm. O uso do OLS no terá ningún custe para os estudantes.

O apoio lingüístico en liña (OLS), inclúe dúas facetas:

1. A avaliación obrigatoria das competencias lingüísticas
2. Os cursos opcionais do idioma en cuestión.

Os adxudicatarios recibirán a través da EASD unha licenza para realizar a avaliación en liña das súas competencias lingüísticas e comprometeranse a utilizar estas licenzas ao firmar o convenio de subvención coa institución. Se un estudante non realizara a avaliación, non poderá comezar a mobilidade adxudicada.

Os participantes recibirán tamén unha licenza para seguir voluntariamente un curso en liña. Se o número de licenzas para a realización do curso en liña fose inferior ao número de participantes interesados, priorizaranse na adxudicación os idiomas distintos do inglés e os niveis lingüísticos do MCER en función dos resultados da proba inicial.

Os estudantes adxudicatarios deberán cumprir calquera outra indicación ou disposición establecida pola AN para a presente convocatoria.

Décima. Axuda económica e pagamentos

A financiación está limitada á adxudicada na resolución da AN, con carácter xeral cinco meses para estudos, e realizarase en dous pagamentos.

Nos 30 días naturais posteriores á firma do convenio de subvención, realizarase un primeiro pagamento equivalente ao 70%-80% do importe total. O envío do cuestionario UE (informe final) considerarase como a solicitude do estudante do segundo pagamento equivalente ao 30%- 20% do total da axuda financeira, este non se fará efectivo ata recibir o resto da documentación xustificativa requirida nesta convocatoria. As contías serán variables en función do Grupo ao que pertenza o país de destino segundo o publicado pola AN na convocatoria correspondente.

O incumprimento dos trámites e prazos establecidos na presente convocatoria poderá derivar na perda da condición de estudante Erasmus+, o que leva a devolución total da axuda, a falta de recoñecemento académico e o regreso á institución de orixe.

Se un estudante non puidese cumprir coas súas obrigas por causa de forza maior (comunicado e aceptado por la AN), unicamente se solicitará o reembolso das actividades non realizadas.

Undécima. Xestión dos alumnos seleccionados

Unha vez seleccionado como beneficiario dunha mobilidade de estudos Erasmus+ da EASD MESTRE MATEO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, para o curso 2025/2026 e aceptada a praza asignada, débense realizar unha serie de trámites dos que se derivan certas obrigas ás que queda suxeito o bolsreiro Erasmus+ e que se detallan deseguido:

SOLICITUDE DE ADMISIÓN NO CENTRO DE DESTINO

Para solicitar a súa admisión no centro de destino, o estudante terá que tramitar todos os documentos que ao efecto determine a institución de recepción.

É responsabilidade do estudante obter, a través da páxina Web do centro de destino correspondente, toda a información relativa á documentación a tramitar.

O/A alumno/a cumprimentará un **acordo de aprendizaxe** no que figurarán tanto as disciplinas como os ECTS correspondentes que o alumnado pretende cursar. É un requisito imprescindible que dito documento conte co visto e prace do xefe de departamento.

Unha vez que a coordinación de programas internacionais informe aos centros de destino da condición de alumnos Erasmus+ seleccionados na EASD Mestre Mateo, o alumnado enviará a documentación en prazo e forma requirido por ditas institucións e presentarán unha copia de todos os documentos á coordinación de Programas Internacionais para ser incluída nos seus expedientes.

Unha vez que o/a alumno/a é aceptado/a no centro de destino e se cumpre o resto de requisitos desta convocatoria, pasa a ter unha adxudicación definitiva.

TRÁMITES PREVIOS Á PARTIDA HACIA A INSTITUCIÓN DE DESTINO

1. Antes da súa partida o/a estudante xestionará a súa **viaxe, aloxamento**, permiso de estancia, no seu caso, e realizará calquera outra xestión necesaria para garantir a súa permanencia no destino durante todo o período indicado no convenio (incluíndo a xestión de trámites de visado/permiso de estancia no país de destino e en España para los estudantes non nacionais da UE).
2. **Apoio lingüístico online:** Todos os estudantes seleccionados que teñan como lingua principal de mobilidade unha das dispoñibles no OLS (excepto nativos na lingua de destino), antes de firmar convenio coa EASD, deberán realizar unha proba de nivel.
3. Como requisito previo, o/a alumno/a debe realizar a súa **matrícula** na EASD MESTRE MATEO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA para o curso 2025/2026, onde consten disciplinas e créditos ECTS segundo o procedemento e os prazos que se sinalen para elo.

A axuda Erasmus é compatible coa beca que concede o MECD.

DOCUMENTACIÓN ERASMUS

Nunha reunión convocada a tal efecto pola coordinadora de Programas Internacionais, os alumnos recollerán e/ou cumprimentarán os seguintes documentos:

1. Carta do Estudante Erasmus

A Carta del estudante Erasmus+ aplicase aos estudantes que cumpren os criterios de admisión Erasmus+ e que foron seleccionados pola súa institución para realizar un período de estudos noutro país europeo, nunha institución asociada.

Para a mobilidade de estudos, ambas universidades deben dispor dunha Carta Universitaria Erasmus+ outorgada pola Comisión. Neste documento recóllense os dereitos e obrigas dos estudantes Erasmus.

2. Compromiso do becario

Mediante este documento, o estudante comprométese a cumprir as normas e bases establecidas no programa.

3. Documento de datos pessoais e bancarios

Nel recóllese a información necesaria para o abonamento da beca. Xunto a este documento deberá entregarse o documento CCC (Documento de Código Conta cliente que se poderá solicitar nas respectivas oficinas bancarias de cada beneficiario). O beneficiario da beca debe ser titular ou cotitular da conta bancaria que se presente.



4. Convenio entre a EASD Mestre Mateo e o Estudante

Este documento, esixido pola Axencia Nacional ERASMUS e pola Comisión Europea, ten por obxecto determinar as obrigas das partes na administración de fondos comunitarios. Deberá estar asinado polo beneficiario e pola dirección EASD Mestre Mateo. (Por duplicado).

5. Declaración Xurada

Declaración xurada de non estar suxeito en ningunha das causas de prohibición do artigo 13 de la Lei 38 /2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

6. Credencial de bolseiro

Co fin de certificar a súa condición de estudante ERASMUS+, deberá presentar, si así lle fose solicitado polo centro de acollida, unha copia de dita credencial que lle será entregada pola Escola.

7. Outros documentos

Ademais do especificado anteriormente, o estudante deberá estar en posesión dos seguintes documentos:

- a) Documento Nacional de Identidade ou Pasaporte en vigor.
- b) Carné de estudante en vigor da EASD Mestre Mateo.
- c) Tarxeta Sanitaria Europea

Máis información sobre a tarxeta e sobre cómo obtela en <http://ec.europa.eu/social/main.jsp?catId=559>.

TRÁMITES DURANTE A ESTANCIA NO CENTRO DE ACOLLIDA

Durante a estancia no centro de acollida, o estudante deberá levar acabo os seguintes trámites:

- **Certificado de chegada**

Co fin de certificar a incorporación ao centro de destino, deberá cumprimentar este documento e solicitar que sexa selado e asinado polo responsable no centro de acollida, e remitilo, por correo electrónico á coordinadora de programas internacionais. A recepción deste documento, en tempo e forma, é absolutamente imprescindible. O orixinal deste impreso será conservado durante todo o período ERASMUS e ao finalizar a estancia no centro de acollida, deberá ser entregado á coordinadora de Programas Internacionais da EASD Mestre Mateo.

Data de envío: 15 días a partir da chegada como máximo.



- **Acordo de aprendizaxe "Learning Agreement"**

As modificacións que, con respecto ás disciplinas primeiramente seleccionadas, fose necesario introducir, consignaranse no impreso "CHANGES TO ORIGINAL PROPOSED STUDY PROGRAMME/LEARNING AGREEMENT". Estes cambios serán autorizados, mediante as sinaturas correspondentes, polos responsables do centro de destino e o Xefe de departamento correspondente na EASD Mestre Mateo.

O prazo límite para a rectificación das materias seleccionadas será dun mes, a partir da chegada ó centro de destino.

- **Testemuño gráfico da estadia.** Imaxes/ vídeos, etc. de actividades académicas, visitas... durante a estadia, que poderán ser publicadas nas redes sociais da Escola.

TRÁMITES AO FINALIZAR A ESTANCIA NO CENTRO DE ACOLLIDA

- **Certificado de estancia**

Firmado e selado polo Coordinador ou a persoa designada ao efecto na institución de acollida, entregarase o impreso orixinal -non serán válidas as copias- á coordinadora de Programas Internacionais da EASD Mestre Mateo. Este documento expresa e certifica a duración real de estancia no centro de acollida e é imprescindible para percibir o último prazo da bolsa.

A Axencia Nacional establece un rixido control sobre este documento polo que se deberá prestar especial atención á hora de cumprimentalo.

Con este documento o estudante acredita a duración real da súa estancia Erasmus, polo que deberá comprobar o certificado no intre de recollelo e antes de entregalo para estar seguro da súa corrección. Calquera erro no mesmo pode ocasionar consecuencias graves cuxa responsabilidade recaerá no propio/a estudante.

Non se considerarán válidos os certificados:

- que teñan correccións;
- con información incompleta;
- nos que a data de realización do certificado sexa anterior á de finalización da estancia.

Neste caso o estudante deberá poñerse novamente en contacto coa institución de destino para que se lle envíe o documento correcto.

Deberá entregarse á coordinación de Programas Internacionais da EASD Mestre Mateo.

A bolsa aboarase dacordo co número de meses e días certificados neste documento.



Cando se reduce drásticamente o número de meses de estancia logo de ter cobrado o primeiro prazo da beca, a EASD Mestre Mateo axustará os pagamentos pendentes e solicitará a devolución do importe abonado si fose o caso.

Data de entrega: Inmediatamente finalizada a súa estancia na institución estranxeira.

- **Transcript of Records ou Certificado de Estudos**

No acordo de aprendizaxe figura o apartado *AFTER MOBILITY* que será cumprimentado e selado polo centro de acollida en el indicaranse as disciplinas cursadas, a duración das materias, os ECTS así como a cualificación obtida. É recomendable, co fin de no dilatar o recoñecemento de estudos, que o estudante regrese á Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo de A Coruña co documento e entregalo á dirección da EASD Mestre Mateo para proceder ao seu recoñecemento académico.

- **Informe final do estudante**

O estudante recibirá un correo electrónico antes da finalización da súa mobilidade. Por isto é importante que identifique ao remitente como seguro e que é un correo que desexa recibir, introducindo a dirección: replies-will-be-discarded@ec.europa.eu nos seus contactos e que revise a carpeta de correo non desexado para verificar que non se teña desviado ningunha comunicación importante a esa carpeta. A coordinadora de programas internacionais deberá ter constancia do envío do cuestionario no momento de presentar a documentación requirida.

- **Memoria do/a participante**

Cada estudante deberá realizar unha memoria da súa experiencia a nivel académico, profesional, lingüístico, cultural, etc. Que enviarán a coordinadora de programas internacionais nos 15 días seguintes a súa chegada.

Ditas memorias se publicarán na web da EASD e quedarán arquivadas para posteriores actividades: charlas, presentacións dos alumnos, información sobre os centros de destino, etc.

O estudante que non cumpra as súas obrigas académicas na Institución de acollida (previo informe negativo do coordinador de programas internacionais e o centro de destino) deberá realizar a DEVOLUCIÓN ÍNTEGRA das axudas recibidas.

Duodécima. Seguimento da actividade da EASD Mestre Mateo

A concesión dunha bolsa Erasmus non exime ao alumnado ao que se lle concede do incumprimento dos seus deberes como alumno/a na EASD Mestre Mateo. O alumnado beneficiario dunha bolsa Erasmus deberá consultar periódicamente a web da Escola e o seu correo electrónico (o aportado no momento da

matrícula), así como cumprir os prazos e seguir as indicacións recibidas no que atingue á actividade lectiva e administrativa pola que se vexa afectado en cada caso (exemplo: normativa do Dpto. de Relación con Empresas, Estudos e Talleres; normativa do Tribunal e titorías de Traballo Fin de Estudos, etc.).

En Santiago de Compostela, a 11 de Marzo de 2026.

Juan Marcos Adrio Fondevila
Director